

RESUMO DO 2º TRIMESTRE



CURSO
2019-2020

PROPOSTAS DE TRABAJO


CADA DÍA Ó CHEGAR Á ESCOLA QUITAMOS OS ABRIGOS, POÑEMOS ZAPATILLAS, ASINAMOS E A TRABALLAR!!!



EXPERIMENTACIÓN



LINGUAXE



LÓGICA MATEMÁTICA




ORGANIZACIÓN E REPRESENTACIÓN ESPACIAL



A TRAVÉS DESTAS
PROPOSTAS
DESENVOLVEMOS A
LINGUAXE E O
ACHEGAMENTO Á
LECTOESCRITURA,
MATEMÁTICAS, MOTRIIDADE
FINA, A CREATIVIDADE, A
EXPERIMENTACIÓN...

MOTRICIDADE FINA




CREATIVIDADE ARTÍSTICA



XOGOS OLÍMPICOS E PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

DURANTE ESTE TRIMESTRE RECIBIMOS UNHA SORPRESA DE PARTE DE RABUÑOSO, A SÚA CAIXA MISTERIOSA, CON COUSAS RELACIONADAS CO DEPORTE E OS XOGOS OLÍMPICOS



INVESTIGAMOS E DESCUBRIMOS ONDE SE VAN CELEBRAN, AS MASCOTAS DOS XOGOS OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS, OS DIFERENTES DEPORTES PRESENTES (NOMES, NORMAS, DIVERSIDADE...), O SIGNIFICADO DOS AROS OLÍMPICOS...



TOKIO

E APROVEITANDO O NOSO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO SOBRE AS MULLERES, VEMOS DIFERENTES FIGURAS FEMININAS DENTRO DO DEPORTE. ADEMAIS COÑECEMOS A DOUS TAEKWONDISTAS GALEGOS: IVÁN GARCÍA E A SARA CORTEGOSO (DENTRO DO MUNDO FEMININO).



**GRAZAS Á COLABORACIÓN
DAS FAMILIAS
APRENDIMOS SOBRE DOUS
DEPORTES**

TAEKWONDO

con TOÑO, O PAI DE BASTIAN



XIMNASIA RÍTMICA E BAILE

con AMELIE,
A NAI DE BASTIAN



NA NOSA ESCOLA CENTRÁMONOS NO TAEKWONDO, ESCOLLENDOO
COMO O NOSO DISFRAZ PARA O ENTROIDO



**COMO EN TODOS OS
XOGOS OLÍMPICOS
NON NOS FALTABA
NINGÚN DETALLE**

**A NOSA
BANDEIRA**



**AS
MEDALLAS**

E COMO ESTABAMOS NO ENTROIDO, FIXÉMOSLLE CASO A RABUÑOSO NOS SEUS MANDATOS E DISFRAZÁMONOS



ANTIFACES



MANDATOS DE RABUÑOSO



OBRADOIROS

SEMANALMENTE FACEMOS OBRADOIROS DE LOXICAMATEMATICA, LINGUAXE, ARTE E XOGOS LÓXICOS.

LINGUAXE

TRABALLAMOS ASPECTOS COMO:

- A CONCIENCIA FONOLÓXICA,
- A EXPRESIÓN A TRAVÉS DA INVENCIÓN DE HISTORIAS E CONTOS CURTOS,
- COÑECEMOS O NOSO NOME E O DOS COMPAÑEIROS...



LÓXICA MATEMÁTICA



CENTRÁMONOS EN:

- **A CUANTIFICACIÓN A TRAVÉS DOS AGRUPAMENTOS,**
- **A CLASIFICACIÓN E ORDENACIÓN EN FUNCIÓN DOS ATRIBUTOS DOS BLOQUES LÓXICOS**
- **O ACHEGAMENTO ÁS REGLETAS PRIMEIRO A TRAVÉS DA MANIPULACIÓN LIBRE, ABORDANDO DESPOIS A CLASIFICACIÓN POR COR, ORDENACIÓN POR TAMAÑO...**

ARTE



FOMÉNTASE A EXPRESIÓN MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE DIFERENTES MATERIAIS, DESENVOLVENDO HABILIDADES COMO RECORTAR, PEGAR, PINTAR, MODELAR, ESTAMPAR..

XOGOS LÓXICOS E DE MESA

FAVORECEMOS A IDENTIFICACIÓN, A ATENCIÓN E PERCEPCIÓN VISUAL, A ASOCIACIÓN, E A ORIENTACIÓN ESPACIAL. DO MESMO MODO, PERMÍTENOS TRABALLAR O CONTEO E AS OPERACIÓNS MEDIANTE A ANOTACIÓN DE PUNTOS OU A CONTAXE DE CASILLAS.



DATAS ESPECIAIS

DÍA DA PAZ

TRABALLAMOS CO CONTO "WANGARI E AS ÁRBORES DA PAZ", VENDO A FIGURA DESTA MULLER PREMIO NOBEL DA PAZ E AS SÚAS INICIATIVAS. PARTINDO DISO FIXEMOS NÓS TAMÉN A NOSA ÁRBORE DA PAZ.



DÍA DOS NAMORADOS

ELABORAMOS TARXETAS PARA OS NOSOS SERES QUERIDOS E LIMOS O CONTO "QUÉROTE (CASE SEMPRE)". XOGAMOS AOS ABRAZOS E FIXEMOS UN DEBUXO COOPERATIVO





DÍA DA MULLER

PARTICIPAMOS NO CONCURSO ORGANIZADO POLO CONCELLO PARA ELABORAR O CARTEL QUE ANUNCIARÍA AS ACTIVIDADES DESE DÍA. E PARTINDO DA NOSA IDEA DE IGUALDADE, CREAMOS O NOSO CARTEL

E O NOSO CARTEL FOI O GAÑADOR!!



SEMANA DA PRENSA



DURANTE O MES DE MARZO FIXEMOS UN ACHEGAMENTO Á PRENSA, SOBRE TODO AOS XORNAIS (IMPRESOS E DIXITAIS). ADEMAIS DE VELO, MANIPULAMOS, "LIMOS" E XOGAMOS CON ELES.

RECORTAMOS, RASGAMOS, PINTAMOS, ESTRUXAMOS...



INSTALACIÓNS DE XOGO

ESTE CURSO COMEZAMOS A GOZAR DAS INSTALACIÓNS DE XOGO, CONCEPTO CREADO POR Javier Abad E Ángeles Ruiz.

CUNHA PROPOSTA DE MATERIAIS PREVIAMENTE SELECCIONADOS, PROVOCAMOS NAS CRIANZAS UNHA EMOCIÓN E UNHA APRENDIZAXE MEDIANTE A DESTRUCCIÓN E NOVA CONSTRUCCIÓN A TRAVÉS DA MANIPULACIÓ E EXPERIMENTACIÓ DOS MATERIAIS.

POSTERIORMENTE, SEMPRE DEDICAMOS UN TEMPO PARA FALARMOS XUNTOS DO QUE ATOPAMOS, DO QUE MÁIS NOS GUSTOU, POÑERLLE UN TÍTULO E NALGÚNS CASOS MESMO FACER UNHA REPRESENTACIÓ GRÁFICA DO VIVIDO, A TRAVÉS DUN DEBUXO, PLASTILINA,...

INSTALACIÓ CON PAPEL DE REGALO E XORNAIS



INSTALACIÓ CON MATERIAL DE REFUGALLO



VOZ NATURA

ESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO VARIAS ACTIVIDADES, PERMITINDO QUE AS CRIANÇAS TOMEN CONCIENCIA DA NECESIDADE DO COIDADADO DA NATUREZA E DA CÔNTORNA, DO PASO DO TEMPO, ASÍ COMO AVANZAR NO DESENVOLVEMENTO DA RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL E COLECTIVA.

PLANTAMOS BULBOS

OS NÓSOS NARCISOS, XACINTOS E TULIPÁNS CRECEN POUCO A POUCO



A NOSA HORTA

POÑEMOS EN MARCHA A HORTA PLANTANDO DIFERENTES HORTALIZAS E FROITAS : AMORODOS, LEITUGAS, TOMATES, PEMENTOS E BRÉCOL.

